



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2022/34450.- Resolución de concesión definitiva do Programa FO103D/2022.

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIÓNS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO103D: CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2022

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

PRIMEIRO.- Mediante resolución da Presidencia 30609 do 5 de xullo de 2022, que foi publicada no BOP do 6 de xullo de 2022, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FO103D: CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2022, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

SEGUNDO.- No devandito prazo as seguintes entidades presentaron estas emendas de erros:

- ESCUDERÍA SIROCO NARÓN, NIF: G70325113 manifesta que conta con máis de 25 socios e presenta unha relación nominal de socios con data 19 de xullo de 2022.
- CLUB BOXFIT OCIO FORMACION Y DEPORTE, NIF: G70556428 achega certificado da Federación Gallega de Atletismo na que consta que a carreira realizarase o 6 de novembro de 2022.

TERCEIRO.- Comprobouse que a entidade FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE SURF, NIF: V15734205 concedida provisionalmente e condicionada completou a documentación requirida na resolución de concesión provisional.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar a emenda de erro presentada pola entidade ESCUDERÍA SIROCO NARÓN, NIF: G70325113 xa que de acordo coa base 5 das específicas as entidades deberán cumprir os requisitos esixidos na convocatoria e na Ordenanza xeral no momento de presentaren a solicitude. No acordo de solicitude e na memoria explicativa do proxecto achegado no momento da solicitude, a entidade declara que conta con 22 socios. A entidade non acredita que no momento de presentaren a solicitude contara co número mínimo de socios esixido.

Segundo.- Desestimar a emenda de erro presentada pola entidade CLUB BOXFIT OCIO FORMACION Y DEPORTE, NIF: G70556428 xa que de acordo coa base 2 das específicas o evento ten que estar incluído no calendario de competicións oficiais. A entidade achega certificado expedido pola Federación de atletismo no que autoriza á realización da proba pero non certifica que se trate dunha competición oficial.

Terceiro.- Aprobar a concesión das subvencións, incluídas as reformulacións, correspondentes ao Programa FO103D: Convocatoria do programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2022, ás entidades seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: AGRUPACION DEPORTIVA NOROESTE BETANZOS MOTOR NIF: G15994403 Cod. Exp.:2022000013741 Obxecto: XACOBEO-RALLY DA AUGA	14.500,00€	0,3636	39.878,99€
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA POLICIA LOCAL DE A CORUÑA NIF: G15515406 Cod. Exp.:2022000012633 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA MTB POLICÍAS LOCAIS A CORUÑA 2022	12.500,00€	0,3846	32.501,30€
Beneficiario: CLUB CICLISTA PADRONES NIF: G15031719 Cod. Exp.:2022000019387 Obxecto: ORGANIZACIÓN DA PROBA CICLISTA CLÁSICA DE PASCUA - RUTA XACOBEA - COPA ESPAÑA 2022	9.500,00€	0,7547	12.587,78€
Beneficiario: CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO NIF: G15783483 Cod. Exp.:2022000018102 Obxecto: CELEBRACIÓN DO XXXI "CONCURSO HÍPICO NACIONAL 3 ESTRELLAS" - EQUIOCIO 2022	16.000,00€	0,2600	61.538,46€
Beneficiario: CLUB DEPORTIVO PADRE FAUSTINO NIF: G70015367 Cod. Exp.:2022000013420 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA	6.000,00€	0,8000	7.500,00€
Beneficiario: CLUB HERCULES XTRM NIF: G70404967 Cod. Exp.:2022000020540 Obxecto: CIRCUÍTO DE TRAVESÍAS COSTA 2022	14.500,00€	0,5945	24.390,24€
Beneficiario: CLUB MARINEDA ATLETICO NIF: G15355464 Cod. Exp.:2022000020882 Obxecto: I TRAIL RUTA DOS FAROS COSTA DA MORTE	8.500,00€	0,8000	10.625,00€
Beneficiario: CLUB MOTO VIGO NIF: G05440573 Cod. Exp.:2022000017500 Obxecto: VOLTA MOTOCICLISTA A GALICIA 2022	14.500,00€	0,2548	56.907,38€
Beneficiario: CLUB NAUTICO DE SADA NIF: G15342074 Cod. Exp.:2022000020045 Obxecto: COPA IBÉRICA REMO MAR-GRAN TROFEO DEPUTACIÓN DA CORUÑA	11.500,00€	0,8000	14.375,00€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CLUB NAUTICO MARINA CORUÑA NIF: G70205349 Cod. Exp.:2022000019929 Obxecto: I COPA DO EIXO ATLÁNTICO DE REMO DE MAR	10.500,00€	0,8000	13.125,00€
Beneficiario: CLUB PRAIA DE PANTIN NIF: G70177910 Cod. Exp.:2022000015321 Obxecto: CELEBRACIÓN DO 35 ANIVERSARIO DO CAMPIONATO DO MUNDO DE SURF DA WORLD SURF LEAGUE - "ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO" .	17.000,00€	0,5600	30.357,14€
Beneficiario: CLUB RALLY CORUÑA NIF: G15822596 Cod. Exp.:2022000013072 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE AUTOCROSS, 14º AUTOCROSS DE CARBALLO	12.500,00€	0,5000	25.000,00€
Beneficiario: CLUB RALLYE RIAS ALTAS NIF: G70511415 Cod. Exp.:2022000014008 Obxecto: ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO RALLY RÍAS ALTAS HISTÓRICO 2022	11.500,00€	0,3487	32.979,64€
Beneficiario: CLUB SANTO DOMINGO BETANZOS NIF: G15130354 Cod. Exp.:2022000020119 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CLUBS INFANTIL FEMININO	12.500,00€	0,8000	15.625,00€
Beneficiario: CLUB SENDA NORTE NIF: G70447982 Cod. Exp.:2022000020520 Obxecto: CAMPIONATO EUROPEO DAS CARREIRAS REXIONAIS EUROPEAS DAS ARWS (CARREIRAS DE AVENTURA DAS SERIES MUNDIAIS), 5ª CARREIRA DE LIGA ESPAÑOLA DE RAID DE AVENTURA (LERA) E 4ª CARREIRA DE LIGA GALEGA DE RAID DE ORIENTACIÓN	12.500,00€	0,8000	15.625,00€
Beneficiario: CLUB UTMIC NIF: G70613476 Cod. Exp.:2022000017045 Obxecto: II DESAFÍO INTERNACIONAL ECOCAMIÑO (MARCHA CARREIRA) CHALLENGE INTERNATIONAL WAY SANT JAQUES	15.500,00€	0,7726	20.062,13€
Beneficiario: CLUB XIMNASIA RITMICA VIRAVOLTA NIF: G70306865 Cod. Exp.:2022000020381 Obxecto: VIRAVOLTA JAEL 2022 TORNEO INTERNACIONAL XIMNASIA RÍTMICA	11.500,00€	0,4118	27.926,18€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ESCUDERIA AUTOMOVILISTICA DEL FERROL NIF: G15115660 Cod. Exp.:2022000012547 Obxecto: 53 RALLY DE FERROL	12.500,00€	0,8000	15.625,00€
Beneficiario: ESCUDERIA BERBERECHO NIF: G15143662 Cod. Exp.:2022000016200 Obxecto: XXXVI RALLY BERBERECHO DE NOIA	10.200,00€	0,2400	42.500,00€
Beneficiario: ESCUDERIA LA CORUÑA NIF: G15115058 Cod. Exp.:2022000009262 Obxecto: 6º ECO RALLY A CORUÑA	11.500,00€	0,5075	22.660,10€
Beneficiario: ESCUDERIA PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO NIF: G15120462 Cod. Exp.:2022000020875 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE AUTOCROSS 2022	9.500,00€	0,8000	11.875,00€
Beneficiario: FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO GALICIA NIF: G27033737 Cod. Exp.:2022000016991 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SALVAMENTO E SOCORRISMO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS	14.500,00€	0,8000	18.125,00€
Beneficiario: FEDERACION ESPAÑOLA DE SURF NIF: V15734205 Cod. Exp.:2022000010676 Obxecto: CAMPIONATO DE ESPAÑA SURFING 2022	15.500,00€	0,3277	47.299,36€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO NIF: G36690832 Cod. Exp.:2022000020850 Obxecto: TORNEO INTERNACIONAL GALICIA BALONMÁN	15.500,00€	0,8000	19.375,00€
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE VOLEIBOL NIF: V15067978 Cod. Exp.:2022000020893 Obxecto: PROBA CIRCUITO NACIONAL DE VÓLEI PRAIA	11.500,00€	0,8000	14.375,00€
Beneficiario: FUNDACION EDUCACION E DEPORTE SANTIAGO COMPOSTELA NIF: G15867260 Cod. Exp.:2022000020840 Obxecto: TORNEO CIDADE DE SANTIAGO FEMININO	10.500,00€	0,6373	16.475,76€
Beneficiario: GALORIENT SPORT'S NIF: G70314406 Cod. Exp.:2022000013473 Obxecto: NORTHWEST TRIMAN 2022	11.500,00€	0,4313	26.663,58€

Solicitudes	Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: HOCKEY CLUB LICEO DE LA CORUÑA NIF: G15075278 Cod. Exp.:2022000018620 Obxecto: GOLDEN CUP 50 ANIVERSARIO HÓCKEY CLUB LICEO, A CORUÑA 2022	12.500,00€	0,8000	15.625,00€
Beneficiario: ITF COIROS NIF: G70594684 Cod. Exp.:2022000013861 Obxecto: CELEBRACIÓN 1º TROFEO KICKBOXING TATAMI SPORT COIRÓS	11.500,00€	0,2720	42.279,41€
Beneficiario: ONE SEVEN NIF: G70401039 Cod. Exp.:2022000020760 Obxecto: ORGANIZACIÓN 26º RALLY A CORUÑA 2022	10.500,00€	0,3673	28.586,99€
Beneficiario: SAMURAI SPORT'S CLUB NIF: G70465794 Cod. Exp.:2022000020043 Obxecto: SAMURAI EXTREME RACE 2022 LAGO DAS PONTES	16.000,00€	0,4916	32.546,79€
Beneficiario: SOCIEDAD DEPORTIVA RIO SAR NIF: G15287733 Cod. Exp.:2022000020108 Obxecto: ORGANIZACIÓN DO 27º CAMPIONATO DE EUROPA DE COMPAK-SPORTING 2022	15.500,00€	0,4302	36.029,75€

Total concedido 399.700,00€

Cuarto.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Quinto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Sexto.- Autorizar ás entidades para realizar a presentación oficial do evento prevista na base específica 6, no lugar e data acordada coa Deputación.

Sétimo.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3411/481, fase A, referencia nº 22022000634, operación nº 220220014086, importe: 399.700,00€.

Oitavo.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa F0103D: Convocatoria do programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia durante o ano 2022, ás entidades seguintes polos motivos que se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: CLUB SAN TIRSO S.D. NIF: G15254774 Cod. Exp.:2022000020660 Obxecto: V EDICIÓN DO TORNEO "HITACHI ABEGONDO CUP" TORNEO INTERNACIONAL DE FÚTBOL DE CATEGORÍA BENXAMÍN	Incumpre os requisitos específicos do programa (base 2), o evento non está incluído no calendario de competicións oficiais
Beneficiario: CLUB BOXFIT OCIO FORMACION Y DEPORTE NIF: G70556428 Cod. Exp.:2022000020422 Obxecto: MEDIA MARATÓN COSTA ÁRTABRA 2022	Incumpre os requisitos específicos do programa (base 2), o evento non está incluído no calendario de competicións oficiais
Beneficiario: ESCUDERIA SIROCO NARON NIF: G70325113 Cod. Exp.:2022000017278 Obxecto: 34º RALLYE CIDADE DE NARÓN	Non contar cun mínimo de 25 membros segundo o disposto na base xeral 4 desta convocatoria
Beneficiario: FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL NIF: G15055890 Cod. Exp.:2022000013475 Obxecto: PRIMEIRO CONGRESO INTERNACIONAL DE ADESTRADORES DE FÚTBOL SALA "O CAMIÑO DO FUTSAL"	Ter presentado nun programa incorrecto

Noveno.- Anular o saldo contable que proceda na aplicación orzamentaria: 0612/3411/481, logo de rematar o prazo de interposición do recurso de reposición no caso de non terse presentado recursos.

Décimo.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 5 de agosto de 2022.

O presidente en funcións,

Xosé Regueira Varela

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez

2022/4905